

### III NETWORKING: Storytelling no Terceiro Sector

#### 1. Presentación

---

Nova edición do Networking organizado pola Fundación Barrié e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia dirixido a entidades do Terceiro Sector e profesionais da comunicación e que se vai desenvolver baixo o título **Storytelling no Terceiro Sector**.

A inclusión de historias de vida, relatos cotiáns ou outro tipo de narrativas tense desvelado como unha eficaz ferramenta para incluír información das entidades sociais na axenda dos medios. “Contar unha historia”, o día a día das entidades sociais ou dos seus usuarios, permite que os medios poidan transmitila á sociedade, achegando a problemática á cidadanía de maneira clara e sinxela.

Os participantes traballarán en grupos mixtos coordinados por membros do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, profesionais con ampla experiencia no ámbito da comunicación.

O Networking incluírá unha intervención das entidades sociais participantes na **emisión en directo do programa Hoy por Hoy da Cadena Ser** que terá lugar no Auditorio de la Fundación Barrié ás 12.30 h. Para isto vai solicitarse ás entidades sociais que teñan preparada unha historia (máximo 30 segundos) que sexa representativa do seu labor ou colectivo. É a intención do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e da Fundación Barrié que todas as entidades teñan a oportunidade de intervir pero, no caso de a escaleta final do programa non o permitir, a selección farase a través dun sorteo *in situ*. O programa será emitido en toda a provincia de A Coruña así como *vía streaming* na web da Cadena Ser cun alcance ilimitado.

#### 2. Obxectivos

---

- Reflexionar sobre a función social dos medios na sociedade actual, como transmisores das problemáticas das entidades do terceiro sector.
- Contextualizar as dificultades das entidades á hora de transmitir as súas historias.
- Analizar e valorar a participación dos medios na transmisión á cidadanía do papel das entidades sociais.
- Debuxar o mapa galego de medios con especial sensibilidade para as temáticas sociais.
- Pautar a información necesaria para que as cuestións sociais cheguen do mellor modo á sociedade.
- Estabelecer sinerxías entre as entidades sociais e o conxunto de xornalistas dos medios.
- Tratar de que medios e terceiro sector contrapoñan as súas necesidades e as fagan confluír nun ritmo cooperativo que leve a unha fluidez na comunicación das entidades cos xornalistas, e un tratamento informativo idóneo do xornalismo social.



### 3. Participación

---

O Networking está dirixido a 20 entidades do Terceiro Sector Social e 20 xornalistas.

Actividade gratuíta previa preinscrición enviando un email a [xornalistas@xornalistas.gal](mailto:xornalistas@xornalistas.gal) ou a través de [www.fundacionbarrie.org](http://www.fundacionbarrie.org) (prazas limitadas) desde o 4 ao 18 de setembro de 2019.

No suposto de que o número de solicitudes presentadas no proceso de preinscrición for superior ás prazas ofertadas, a Fundación Barrié e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia realizarán unha selección en función dos perfís solicitantes co obxectivo de crear grupos de traballo mixtos homoxéneos.

No caso das entidades sociais, darase prioridade ás que participaran nalguna das actividades previas do Programa Más Social, así como a aquelas persoas que sexan as responsábeis da comunicación da entidade.

### 4. Data e lugar da celebración

---

Fundación Barrié de **A Coruña** (Rúa Cantón Grande, 9)

**Martes 1 de outubro de 2019.**

NETWORKING		
10.00 h	Recepción de asistentes e control de sinaturas	1º Andar
10.15 h	Presentación dos participantes e distribución en grupos de traballo	
10.30 h	Debate en grupos	
12.00 h	Pausa – café	
PROGRAMA "HOY POR HOY"		
12.30 – 13.30	Intervención de todas ou unha selección das entidades sociais no programa en directo Hoy por Hoy da Cadena Ser	Auditorio
NETWORKING		
13.30 h	Posta en común do tratado en cada grupo	1º Andar
14.30 h	Finalización	

### 5. Entidades promotoras

---

A **Fundación Barrié** é unha fundación patrimonial privada que, desde a súa creación en 1966, dedica os seus recursos ao deseño, execución e financiamento de programas e proxectos dirixidos a impulsar o desenvolvemento de Galicia as áreas de cultura e patrimonio, investigación, educación e servizos sociais.

[www.fundacionbarrie.org](http://www.fundacionbarrie.org)

O **Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia** é unha entidade de dereito público que ten entre as súas funcións afondar na mellora das condicións nas que os xornalistas levan a cabo o seu traballo, a defensa profesional dos seus membros e garantir a independencia e liberdade informativa en beneficio da sociedade galega.

[www.xornalistas.gal](http://www.xornalistas.gal)